

NOCIÓNS XERAIS SOBRE A LITERATURA MEDIEVAL

Consulta as páxinas 52 e 53 do libro de texto e responde as seguintes preguntas no teu caderno coidando a presentación. Son importantes para o exame.

A continuación sácalle unha foto, pásaa a formato PDF e sube a tarefa que figura na UD 1 á aula virtual.

1. Contextualización histórica

1.1. Durante a Idade Media, a **sociedade galega** tamén se caracterizaba por ser **feudal**. Que quere dicir isto?

1.2. Que **nova clase social** xurdiu na **Baixa Idade Media** (séculos XII e XIII)? A que se dedicaba?

1.3. Por que no ano **813 Compostela** se converteu nunha das **grandes cidades de Europa**?

1.4. Cales foron as mostras máis importantes do **florecentamento artístico** que xorde grazas ao **Camiño de Santiago**?

2. Literatura galego-portuguesa medieval

2.1. En que tempo foron compostos os textos que conforman a literatura galego-portuguesa medieval? Cal foi o xénero máis importante?

2.2. Que tipo de cantigas conforman a lírica profana medieval?

2.3. Que influencia recibiu a nosa lírica medieval?

2.4. Realiza un pequeno **esquema** dos cancioneros e manuscritos medievais, onde están recollidos os textos da nosa lírica profana. Debe figurar que contén cada un dos documentos.

2.5. Asocia, a partir de números, cada figura literaria medieval coas súas características.

Trobador Xograr Segrel Menestrel Soldadeira

- Estaba ao servizo dos trobadores para interpretar as súas composicións:
- Foi obxecto de burlas nas cantigas de escarnio:
- A pesar de que non era o habitual, tamén podía compor as súas propias cantigas:
- Artista que executaba a música das cantigas:
- Artista que executaba a danza que acompañaba as cantigas:
- Artista que compoñía e interpretaba a cambio dun beneficio económico:
- Era o artista compositor por excelencia e pertencía á nobreza ou ao clero: